

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15/03/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Expedientes Adxudicación Saneamento e Pavimentación de Vilar.--
- 4º.- Expediente adxudicación Obra Urbanización rúa Atalaia - Fisterra.--
- 5º.- Expediente adxudicación Plan de Camiños Municipais (Agader).-
- 6º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **15/03/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 1 de Marzo de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **MANUEL CARLOS RIVAS CREGO**, veciño de Oleiros (Rexistro de Entrada 601 de 6/03/2018) para proceder á substitución de tellas en mal estado por outras novas no teito dunha cuadra existente na localidade de Sardiñeiro de Abaixo do Termo Municipal de Fisterra, (Referencia Catastral 0945403MH8514N0001XA),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de

data 14 de Marzo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARÍA CARMEN DOMÍNGUEZ CANOSA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 652 de 9/03/2018) para proceder ó lavado de fachadas e pintado en cor branco da fachada principal da vivenda (Referencia Catastral 0846716MH8504N0001XU),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 14 de Marzo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARÍA GENOVEVA LÓPEZ ORTIZ, veciña de A Coruña (Rexistro de Entrada 393 de 15/02/2018) para proceder á limpeza e obras de acondicionamento interior consistentes na retirada de falsos teitos, portas e recubrimentos das paredes nunha vivenda (Referencia Catastral 8607506MH7580N0001TT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 14 de Marzo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de ALBERTO GÓMEZ BORBORÁN, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.456 de 21/08/2017) para proceder ás obras de ampliación da lonxitude dun muro existente en 22 metros e aumentar o alto ata 1,5 metros (Referencia Catastral 8105117MH7580N0001XT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Marzo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO CARIBIO, con CIF H-15635386 e con domicilio social na Rúa Domingo Miñones, 6 desta Vila (Rexistro de Entrada 2.815 de 27/09/2017) para proceder á realización de obras consistentes no illamento térmico e pintado en tono marrón claro das fachadas dunha edificación sita na citada Rúa (Referencia Catastral 8704006MH7580S0005SJ),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Marzo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

B) A Xunta de Goberno Local por unanimidad dos asistentes acorda:

1) Modificar o acordo adoptado por esta Xunta en sesión do día 25 de Maio de 2017, sobre concesión de Licenza Urbanística en favor de CAYETANO INSUA RIVAS, veciño de Fisterra, para proceder á Construción dunha Edificación para Taller Gastronómico e Cabanas a emprazar nunha Parcela (Referencia Catastral 15038A032002130000FY) no sentido de que o Condicionamento de Cesión Gratuíta de Terreos en favor desta Corporación será dunha superficie de corenta e oito con cincuenta metros cadrados (48,50 m2) tal e como queda acreditado no Plano de Emprazamento EM 02m Escala 1/250 que consta no expediente.

2) Notificar este acordo ó Promotor para o seu coñecemento e demais efectos.

C) A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar o Anexo de modificación introducida ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto Manuel Ángel Marcote Escariz, de data Marzo de 2018 para a Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada composta de Soto, Planta Baixa e Planta Alta a emprazar nunha Parcela sita na localidade de Padrís neste Termo Municipal de Fisterra , que conta coa preceptiva Licenza Urbanística concedida en sesión do día 21 de Xaneiro de 2016 a favor de LUCAS KARIM RAZGALLAH, e que determina o Cambio de Emprazamento da Vivenda na citada Parcela, clasificada como Solo non Urbanizable do Núcleo Rural Tradicional no seu vento Norte pasando a separarse cinco metros (5,00 m.) do linde.-

Dita variación desde o punto de vista da normativa de aplicación é viable urbanísticamente podendo situarse a edificación nesta posición dentro da parcela tal e como queda determinado no Informe Favorable emitido pola Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación con data 14 de Marzo de 2018 e que consta no expediente.

2) Notificar este acordo ó Promotor para o seu coñecemento e demais efectos.

3º.- Expediente Adxudicación Saneamento e Pavimentación de Vilar.--

A) Vista a Valoración Definitiva efectuada polo órgano encargado da negociación en reunión do día 21 de Setembro de 2017 sobre as novas ofertas, relativas a económica e porcentaxe do control de calidade, presentadas polas Empresas que accederon á licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado do Proxecto da Obra denominada “Saneamento e Pavimentación de Vilar “ cun presuposto de execución que ascende a un importe de Cento vinte mil cincuenta e dous euros con vinte e catro céntimos (120.052,24 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Convenio 82/2017 formalizado coa Excmá Deputación Provincial o día 12 de Xullo de 2017. que a continuación se indica:

PUNTUACIÓN FINAL

<u>EMPRESA</u>	<u>VALORACIÓN TÉCNICA</u>	<u>VALORACIÓN ECONÓMICA</u>	<u>TOTAL</u>
BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L.	<u>22,55</u>	<u>0,29</u>	<u>22,84</u>
CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L.	<u>18,2</u>	<u>5</u>	<u>23,2</u>

Vista a proposta formulada por parte do órgano encargado da negociación da que se desprende que a oferta económica formulada pola Empresa de maior valoración, Construcciones D. Ogando S.L., ten carácter de temeraria polo seu importe de Setenta e nove mil trescentos cincuenta e sete euros con once céntimos (79.357,11 €) que supón unha baixa de Corenta mil seiscentos noventa e cinco euros con trece céntimos (40.695,13 €) en relación co tipo de licitación ,

Resultando que na sesión celebrada por esta Xunta o día 28 de Setembro de 2017 adoptouse acordo de presumir que a proposición da Empresa antes mencionada pode non ser cumprida como consecuencia da baixa ofertada considerándoa, de principio, como desproporcionada.-

Resultando que con data 20 de Outubro de 2017 (Rexistro Xeral de Saída número 2107) enviase a documentación xustificativa presentada polo licitador a Excma Diputación provincial para que se emita o Informe pertinente, que foi recibido o día 22 de Febreiro de 2018 procedente do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, en sentido desfavorable,

Considerando que o órgano negociador na reunión de data de 15 de Marzo de 2018 e á vista de dito Informe, formulou proposta a este órgano de contratación para a non aceptación da oferta por considerala desproporcionada en base as razóns xustificativas que constan no expediente,

Examinado o Análise efectuado polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios do Organismo Provincial de data 20 de Febreiro de 2018, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Declarar que a Empresa Construcciones D. Ogando S.L. con CIF B15209794 e domicilio social na localidade de Senande, 170 do Termo Municipal de Muxia, CP 15124 coa documentación presentada no seu día,

non xustifica a baixa temeraria proposta e non pode ser aceptada quedando polo tanto rechazada a todos os efectos legais, en base seguintes Conclusións que constan no Informe antes referido :

"1B2.- Xustificación dos precios ofertados. Maquinaria. Medios Propios.- Neste apartado figura unha declaración do licitador na que indice que a obra vaise realizar con maquinaria propia, libre de cargas ou amortizada (según declara) e na que os únicos gastos contemplados son o combustible e o porte da máquina.

No apartado 2.- Volumen de Obra da documentación indica: "La maquinaria está amortizada (...) imputando solo el combustible, seguros y permisos (además de un % calculado de años anteriores para sufragar averías y mantenimientos rutinarios. (...).-

Neste apartado non xustifica documentalmente os custes/h da maquinaria propia que se imputan nos descompostos e tampouco inclúe/xustifica o custe do persoal encargado do manexo da maquinaria na obra que debe ser imputado no custe/hora da propia maquinaria. (Motoniveladora 110 Kw, Retroexcavadora de cadeas 15 Tm, 120 Kw, camións, etc). En base ao anterior, os custes da maquinaria non se consideran suficientemente xustificadas.

1C Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no Proxecto.-

En relación coa configuración dos prezos descompostos achegada polo licitador compre indicar o seguinte :

- En relación co custe/hora dos traballadores o licitador aporta recibo/nómina de catro traballadores e, por outra banda, emprega os custes/hora reflectidos no proxecto. Non xustifica o custe da man de obra empregado na descomposición de prezos en relación cos custes reais da empresa.-

- No relativo aos rendementos da maquinaria, con carácter xeral, nas unidades de maior importe, adóptanse os indicados no proxecto técnico; con todo, nos rendementos da man de obra e nas partidas de importe económico mais importantes (Partidas 4.003 m2 formación de pavimento continuo de formigón armado e 4.004 m2 formación de pavimento continuo de formigón en masa) cunha suma no seu importe de execución material do proxecto 28.909,01 € (34,67 % do presuposto de execución material da obra) as reducións dos rendementos en relación co proxecto superan o 50%; cuestión que o técnico que suscribe entende que non se xustifica na documentación aportada.-

Volumen de Obra.- Non achega xustificación da relación existente entre as obras contratadas ou en execución e a súa incidencia en relación cos precios ofertados .-

Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.- Neste apartado achégase relación dos traballadores da empresa así como nóminas do mes de xullo 2017 de catro traballadores. Tamén aporta unha asignación de traballadores nas obras contratadas ou en execución con data de finalización 2017. os gastos xerais e beneficio industrial da empresa adoptados na xustificación do licitador son o 13 e o 6% respectivamente.-"

2) Notificar dito acordo a citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

B) Vista a Valoración Definitiva efectuada polo órgano encargado da negociación en reunión do dia 21 de Setembro de 2017 sobre as novas ofertas, relativas a económica e porcentaxe do control de calidade, presentadas polas Empresas que accederon á licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado do Proxecto da Obra denominada “ Saneamento e Pavimentación de Vilar “ cun presuposto de execución que ascende a un importe de Cento vinte mil cincuenta e dous euros con vinte e catro céntimos (120.052,24 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Convenio 82/2017 formalizado coa Excmá Deputación Provincial o día 12 de Xullo de 2017. que a continuación se indica:

PUNTUACIÓN FINAL

<u>EMPRESA</u>	<u>VALORACIÓN TÉCNICA</u>	<u>VALORACIÓN ECONÓMICA</u>	<u>TOTAL</u>
BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L.	<u>22,55</u>	<u>0,29</u>	<u>22,84</u>
CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L.	<u>18,2</u>	<u>5</u>	<u>23,2</u>

Resultando que da proposta efectuada por parte do órgano encargado da negociación na reunión do día 15 de Marzo de 2018 se desprende que a oferta económica formulada pola Segunda Empresa de maior valoración non incurre en temeraria e se considera a mais ventaxosa nun importe de Cento dezaioito mil euros (118.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido que supón unha baixa de Dous mil cincuenta e dous euros con vinte e catro céntimos (2.052,24 €) en relación co tipo de licitación ,

Á vista dos antecedentes a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1) Declarar válida a licitación, adxudicando provisionalmente a Obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbria, CP 15152,

Provincia de A Coruña por obter a maior puntuación e nun importe de Noventa e sete mil cincocentos vinte euros con sesenta e seis céntimos (97.520,66 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Vinte mil catrocentos setenta e nove euros con trinta e catro céntimos (20.479,34 €).-

2) Requerir ó licitador para que no prazo de dez días hábiles (10) a contar desde o seguinte ó recibo da notificación deste acordo, presente a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, constitución da garantía definitiva en importe de Catro mil oitocentos setenta e seis euros con catro céntimos (4.876,04 €) equivalente ó 5% da adxudicación do contrato excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.--

4º.- Expediente adxudicación Obra Urbanización rúa Atalaia - Fisterra.--

Examinado o expediente por tramitación ordinaria mediante procedemento negociado coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Negociado da Obra denominada "Urbanización Rúa Atalaia - Fisterra " cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Oitenta e tres mil trinta e oito euros con setenta e tres céntimos (83.038,73 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, dentro do POS + ADICIONAL 1/2017, 1ª Fase da Excma Diputación Provincial,

Visto o Informe de Valoración definitiva efectuada polo órgano de negociación en reunión celebrada o día 15 de Marzo de 2017 sobre as novas ofertas presentadas en segunda negociación polos licitadores obrante no expediente co seguinte resultado:

EMPRESA	OFERTA	BAIXA
CONSTRUCCIÓNS CYMCO GALICIA S.L. (1)	77.926,95 €	5.111,78 €
BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L. (2)	82.500,00 €	538,73 €

PUNTUACIÓN FINAL

<u>EMPRESA</u>	<u>VALORACIÓN TÉCNICA</u>	<u>VALORACIÓN ECONÓMICA</u>	<u>TOTAL</u>
1	<u>12</u>	<u>1,73</u>	<u>13,73</u>
2	<u>17,3</u>	<u>0,2</u>	<u>17,5</u>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda:

1) Declarar válida a licitación, adjudicando provisionalmente a Obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbria, CP 15152, Provincia de A Coruña por obter a maior puntuación e nun importe de Sesenta e oito mil cento oitenta e un euros con oitenta e dous céntimos (68.181,82 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Catorce mil trescentos dezaioito euros con dezaioito céntimos (14.318,18 €).-

2) Requerir ó licitador para que no prazo de dez días hábiles (10) a contar desde o seguinte ó recibo da notificación deste acordo, presente a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, constitución da garantía definitiva en importe de Tres mil catrocentos nove euros con dez céntimos (3.409,10 €) equivalente ó 5% da adjudicación do contrato excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.--

5º.- Expediente Obra Plan Camiños Municipais 2017-2018 Agader.-

Vista a Valoración Definitiva efectuada polo órgano encargado da negociación en reunión do día 16 de Novembro de 2017 sobre as novas ofertas relativas a Económica presentadas polas Empresas que accederon á licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado do Proxecto da Obra denominada "Plan de mellora de camiños municipais 2017 - 2018" cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Corenta mil cincocentos noventa e dous euros con cincuenta e tres céntimos (40.592,53 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, Subvencionada pola Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) mediante Resolución de data 18 de Maio de 2017, que a continuación se indica :

PUNTUACIÓN FINAL

<u>EMPRESA</u>	<u>VALORACIÓN TÉCNICA</u>	<u>VALORACIÓN ECONÓMICA</u>	<u>TOTAL</u>
BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L.	<u>14,2</u>	<u>4,52</u>	<u>18,72</u>
<u>CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L.</u>	<u>11,1</u>	<u>12</u>	<u>23,1</u>
EXCAVACIONES POSE S.L.	<u>11,1</u>	<u>10,11</u>	<u>21,21</u>

Resultando que con data 21 de Febreiro de 2018 foi presentada pola Empresa Excavaciones Pose S.L. a xustificación da oferta presumida, de principio, como temeraria (Rexistro de Entrada 461),

Considerando que do informe emitido por parte de Secretaria que consta no expediente, queda acreditada a idoneidade da xustificación para poder levar a cabo a execución das Obras ó cumprir cos requisitos de ser aceptada,

Vista a proposta de adxudicación efectuada ó seu favor por parte do órgano negociador na sesión celebrada o día 15 de Marzo de 2018,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda:

1) Declarar válida a licitación, adxudicando provisionalmente a Obra en cuestión en favor de Excavaciones Pose S.L. con CIF B15626922 e domicilio social na localidade de Dombate, 7 Borneiro, Termo Municipal de Cabana de Bergantiños (CP 15119) por obter a maior puntuación e nun importe de Vinte e catro mil novecentos noventa euros (24.990,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Cinco mil douscentos corenta e sete euros con noventa céntimos (5.247,90 €) que supón unha baixa de Dez mil trescentos cincuenta e catro euros con sesenta e tres céntimos (10.354,63 €) en relación co tipo de licitación.-

2) Requerir ó licitador para que no prazo de dez días hábiles (10) a contar desde o seguinte ó recibo da notificación deste acordo, presente a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, constitución da garantía definitiva en importe de Mil douscentos corenta e nove euros con cincuenta céntimos

(1.249,50 €) equivalente ó 5% da adxudicación do contrato excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.--

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:15 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.